CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica.	TI	30
CA4.5 - Valorar unha explotación sostible dos recursos xeolóxicos identificando os principais impactos que causa.	Valorar unha explotación sostible dos recursos xeolóxicos.		
CA5.1 - Explicar procesos biolóxicos ou xeolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico ou recursos dixitais.	Explicar procesos biolóxicos ou xeolóxicos utilizando os recursos dispoñibles.		
CA5.2 - Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas.	Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).</li> <li>- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.</li> <li>- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada</li> <li>- Os minerais: características, propiedades e clasificación.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As rochas e a súa clasificación: sedimentarias, metamórficas e ígneas. O ciclo das rochas.</li> <li>- Identificación de rochas e minerais relevantes da contorna.</li> <li>- Aplicacións dos minerais e das rochas na vida cotiá.</li> <li>- Explotación sostible dos recursos xeolóxicos. Os recursos xeolóxicos en Galicia.</li> <li>- Estrutura e composición básica da xeosfera: codia, manto e núcleo.</li> <li>- Introducción á teoría da tectónica de placas.</li> <li>- A litosfera e o movemento das placas.</li> <li>- Estruturas xeolóxicas nos bordos das placas.</li> <li>- Interaccións entre a atmosfera, a hidrosfera, a xeosfera e a biosfera. O seu papel na edafoxénese e no modelado do relevo e a súa importancia para a vida. As funcións do solo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	OS ECOSISTEMAS	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.1 - Coñecer os compoñentes dun ecosistema establecendo as relacións existentes entre eles.	Coñecer os compoñentes dun ecosistema e a relación entre eles.	PE	70
CA6.2 - Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos facendo unha especial referencia aos ecosistemas galegos.	Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos.		
CA6.3 - Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios indicando estratexias para restablecelos e difundindo accións que favorezan a conservación medioambiental.	Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios e indicar accións para resolvelos.		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía.	TI	30
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expor preguntas e hipóteses que pidan ser respondidas utilizando métodos científicos.		
CA1.5 - Deseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Deseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).</li> <li>- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.</li> <li>- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada</li> <li>- Os ecosistemas:</li> <li>- Elementos bióticos e abióticos. Relacións intraespecíficas e interespecíficas.</li> <li>- Exemplos da contorna.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	O SER HUMANO E OS ECOSISTEMAS	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.5 - Valorar unha explotación sostible dos recursos xeolóxicos identificando os principais impactos que causa.	Valorar unha explotación sostible dos recursos xeolóxicos.	PE	70
CA5.2 - Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas.	Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos.		
CA5.5 - Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera e a atmosfera debidos á acción humana relacionándoos coas súas causas e consecuencias no medio.	Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera e a atmosfera debidos á acción humana.		
CA6.3 - Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios indicando estratexias para restablecelos e difundindo accións que favorezan a conservación medioambiental.	Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios e conocer estratexias para a conservación do medio.		
CA6.4 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar criticamente a solución a un problema ambiental.		
CA6.6 - Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.	Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.		
CA6.7 - Propoñer e adoptar hábitos sostibles analizando dunha maneira crítica as actividades propias e alleas a partir dos propios razoamentos, dos coñecementos adquiridos e da información dispoñible.	Propoñer e adoptar hábitos sostibles.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía.	TI	30
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expor preguntas e hipóteses que pidan ser respondidas utilizando métodos científicos.		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.		
CA6.5 - Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crezas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).</li> <li>- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.</li> <li>- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada</li> <li>- Explotación sostible dos recursos xeolóxicos. Os recursos xeolóxicos en Galicia.</li> <li>- A atmosfera. Composición e estrutura.</li> <li>- Impactos ambientais sobre a atmosfera. O incremento do efecto invernadoiro e a contaminación atmosférica.</li> <li>- O cambio climático.</li> <li>- A hidrosfera. Distribución da auga na Terra. Propiedades e ciclo da auga.</li> <li>- Impactos ambientais sobre a hidrosfera. Contaminación e xestión sostible da auga.</li> <li>- Os ecosistemas:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Importancia da conservación dos ecosistemas, a biodiversidade e a implantación dun modelo de desenvolvemento sostible.</li> <li>- Impactos sobre os ecosistemas ocasionados por actividades humanas.</li> <li>- Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).</li> </ul> </li> </ul>



#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica comprende o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

A práctica pedagóxica terá presentes os seguintes principios metodolóxicos:

- Ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Favorecer a capacidade de aprender por si mesmos.
- Promover a aprendizaxe en equipo.

Facilitarase a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas axudándolles a construír, adquirir e desenvolver as competencias que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e afrontar os continuos cambios que impoñen os rápidos avances científicos.

O alumnado terá que implicarse na aprendizaxe, imprescindible para a adaptación a futuras incorporacións a distintos ámbitos académicos ou laborais. Terá que adquirir as habilidades que lle permitan construír a súa identidade persoal, interactuar en situacións variadas e continuar aprendendo.

As estratexias de ensino aprendizaxe que fundamentarán a práctica pedagóxica serán:

- Adquisición de coñecementos coa utilización de diferentes recursos e coa participación activa dos alumnos e das alumnas.
- Realización de diferentes actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar na adquisición do nivel competencial.
- Preparación de debates ademais da elaboración de traballos sobre temas científicos (utilizando diferentes fontes de información e apoiándose nas TIC), con exposición dos mesmos na aula, traballando a oratoria e utilizando o vocabulario científico nun contexto preciso.
- Deseño de proxectos de investigación para fomentar o traballo cooperativo e intentando que coñezan mellor o seu contorno.
- Adicación á lectura e aos faladoiros científicos, aproveitando os recursos e as actividades da biblioteca escolar.
- Fomento de estratexias do método científico coa planificación e realización de traballo experimental, a través de prácticas de laboratorio, recollida de mostras do contorno...

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Entorno Virtual de Aprendizaxe (EDIXGAL).
Fichas de actividades de consolidación.
Fichas de actividades de reforzo.
Fichas de actividades de ampliación.
Guións de prácticas de laboratorio.
Protocolos para proxectos de investigación.
Caderno do alumno.
Portfolio físico e/ou dixital.
Dotación da aula.
Laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía.

Material de divulgación científica (revistas científicas, guías de campo...)

O espazo no que se desenvolven as clases habitualmente consiste nunha aula equipada cun encerado dixital e outro tradicional. Ademais, os alumnos dispoñen cada un deles dun ordenador persoal (EDIXGAL).

O espazo empregado para as clases prácticas será o laboratorio de ciencias, dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar.

No portfolio o alumnado gardará e clasificará de forma física e/ou dixital tanto os documentos impresos que lle sexan entregados ao longo do curso como os xerados por eles mesmos.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio do curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias e contidos básicos. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como as destrezas, capacidades ou dificultades que posúan.

A información obtida valorarase cos criterios de avaliación recollidos nunha táboa de indicadores, que estarán asociados a unha rúbrica.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante a reunión de avaliación inicial e, en función dos mesmos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación, levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>4</b>	<b>15</b>	<b>12</b>	<b>10</b>	<b>14</b>	<b>12</b>	<b>14</b>	<b>10</b>	<b>9</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	70	70	70	70	70	70	70	<b>70</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	30	30	30	30	30	30	30	<b>30</b>

#### Criterios de cualificación:

Ao longo de cada trimestre realizaranse varias probas escritas e/ou orais cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación. En cada unha das tres avaliacións calcularase a media aritmética das notas das probas. Esta media representará o 70% da nota da avaliación.

O outro 30% vén definido polos criterios de avaliación recollidos nas táboas de indicadores correspondentes a cada unidade didáctica. Estes criterios de avaliación estarán asociados a distintas rúbricas que se analizarán en distintos procedementos de avaliación ao longo de todas as unidades.

- Prácticas de laboratorio
- Traballos cooperativos
- Traballos individuais
- Caderno de aula
- Proxecto científico
- Fichas de actividades de consolidación
- Fichas de actividades de reforzo
- Fichas de actividades de ampliación
- Observación directa do traballo e actitude na aula

Polo tanto, os pesos para o cálculo da nota final en cada avaliación estarán representados por:

70% probas escritas

30% táboas de indicadores

En cada trimestre, a avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5 despois de realizar as

ponderacións que están establecidas.

Os alumnos que falten a algunha das probas escritas (por causa debidamente xustificada) deberán realizar esa proba en calquera momento que dispoña a profesora. No suposto de que a falta non poida ser debidamente xustificada, a proba non feita será cualificada cun 0.

As tarefas deberán ser entregadas no prazo indicado, non se aceptarán tarefas entregadas con máis de tres días de atraso. O atraso será penalizado: un día 10% da nota, dous días 50% da nota.

En canto á corrección na expresión escrita, as faltas de ortografía penalizaranse descontando ata un máximo de 1 punto.

Non se realizarán arredondamentos á alza por defecto. Os arredondamentos da nota serán decisión da profesora e esta decidirá se os fai ou non, a partir da nota e en que momento, en función da evolución do alumno.

Os alumnos que copien ou utilicen calquera medio non autorizado nun exame terán unha cualificación de 0 en dita proba. Terán a opción de recuperar esa avaliación cando corresponda.

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

### **Criterios de recuperación:**

Cando un alumno/a non supere unha avaliación, realizaráselle unha proba escrita baseada nos criterios mínimos de consecución das unidades asociadas a esa avaliación. Para a preparación desta proba de recuperación entregaráselle unhas fichas con actividades de reforzo. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5 despois de realizar as ponderacións que están establecidas.

Se un alumno despois de ter realizadas as correspondentes recuperacións ao longo do curso segue a ter unha, dúas ou tres avaliacións suspensas, deberá facer a recuperación de cada unha das avaliacións non superadas. Cada avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5 despois de realizar as ponderacións que están establecidas. Estas probas serán realizadas a última semana do curso.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Ao tratarse este curso do primeiro da correspondente etapa educativa, non se pode dar o caso de que o alumnado deba recuperar materia algunha pendente do curso anterior.

Para os alumnos/as coa materia Bioloxía e Xeoloxía de 1º ESO pendente tomaranse as medidas acordadas no Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, en concordancia coas directrices que marque o programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes. As familias terán a información correspondente a dito programa de reforzo.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Non todos os alumnos van a ter o mesmo ritmo de aprendizaxe. Atendendo a esta diversidade planificaranse diversas actuacións que permitan dar cabida a diferentes situacións que presenten os alumnos e as alumnas.

Para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas cumprindo o establecido nos protocolos correspondentes. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a relación entre os diferentes contidos.

Cando unha alumna ou alumno permaneza un ano máis no mesmo curso seguirá un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna/o, para tratar de superar as dificultades detectadas.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión da lectura	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X
ET.9 - Creatividade	X

**Observacións:**

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita guiada á Casa dos Peixes	Actividade complementaria relacionada co estudo dos ecosistemas mariños que pretende fomentar actitudes respectuosas co medio litoral.		X	

### Observacións:

Esta actividade está programada para o segundo trimestre.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE na elaboración de probas escritas
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Combinación do traballo individual co traballo cooperativo
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Outros
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación

**Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. Se fose necesario, os cambios realizados serían recollidos no apartado "Seguimento" da propia aplicación Proens.

**9. Outros apartados**